



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre Xuventude**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal da Marea Atlántica consideramos urxente a elaboración e posta en marcha dun “Plan de Choque pola Xuventude” no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, mobilidade, saúde, lecer, participación e acceso á cultura das mozas e mozos de A Coruña. A pandemia da covid-19 afondou nas necesidades dun colectivo, o da xuventude, socialmente invisibilizado, en moitos momentos estigmatizado e institucionalmente desatendido. É urxente atender ás mozas e mozos que están a sufrir un incremento da súa vulnerabilidade en moi diversos ámbitos como son o emprego, a vivenda, a saúde ou a cultura.

A organización Internacional do Traballo (OIT, 2020) recoñece que a pandemia tivo un efecto “*devastador e desproporcionado*” no emprego das persoas mozas. Según os datos do informe Juventud España 2020, publicado en marzo de 2021, a taxa de mocidade sen emprego, formación nin capacitación (NEETs polas súas siglas en inglés) subiu coa pandemia do Covid ata o 17,3%.

Ademáis de elevadas porcentaxes de desemprego, a xuventude padece un altísimo grao de inseguridade laboral acorralada pola temporalidade e o emprego a tempo parcial. A vulnerabilidade da xente nova incrementouse por mor da covid, así como os problemas de saúde mental derivados desta situación. En abril de 2021 a taxa de paro entre menores de 25 anos era do 38% a nivel estatal e malia que no último mes os datos melloraron lixeiramente, o paro entre menores de 25 anos segue sendo sendo unha das taxas máis

altas de toda a UE. Do mesmo xeito lideramos a idade media coa emancipación xuvenil máis tardía de Europa cunha idade media de 29,5 anos.

En definitiva, son necesarias políticas integrais e transversais que dean resposta de maneira urxente ás situacións de desemprego e precarización laboral así como ás dificultades de acceso á vivenda de alugueiro e ao incremento dos problemas de saúde mental especialmente entre a xente máis nova. Tamén da necesidade e do dereito dun acceso a cultura e á creación cultural, é dicir, a que a cultura feita polas mozas e mozos da cidade forme parte do campo cultural a través de procesos de integración da produción e investigación que no eido creativo desenvolven as xeracións novas.

Dende o Grupo Municipal da Marea Atlántica propuxemos no Presco medidas concretas de inserción laboral para a mocidade así coma a posta en marcha dunha bolsa de alugueiro con especial atención á mocidade. Pero é necesario ir máis alá e asumir a mocidade coma colectivo prioritario nas políticas de emprego e desenvolvemento económico, nas de vivenda, nas políticas sociais, culturais e educativas.

Durante o mandato pasado realizouse un traballo de interlocución activo e estable coa mocidade a través de procesos participativos coma "Os Participadoiros" que deron lugar a un Plan de Emprego Xuvenil entre outras medidas. Asimesmo deseñouse o proceso para a descentralización e actualización do servizo do Centro de Información Xuvenil. Unha das demandas máis recurrentes da mocidade foi sempre a falta de espazos propios, a necesidade de contar con espazos onde sentirse parte, que fosen accesibles e facilitadores para a xuventude. Como resposta realizouse un proceso inédito na cidade co deseño participativo do plan de usos e mecánicas de xestión das Navos do Metrosidero, coma o primeiro equipamento municipal especificamente para a xuventude da cidade: un espazo plural, diverso e inclusivo para a mocidade da Coruña. Un espazo para sentirse parte, accesible e facilitador que acompañe á mocidade a desenvolver as súas inxerencias creativas, de aprendizaxe e formación e lúdicas, tanto a nivel individual coma a nivel colectivo.

Atención especial merece a poboación moza migrante, retornada e inmigrante que chega á cidade nunha coxuntura ben complexa, acentuada en procesos que poden derivar en exclusión social e que é preciso atender dende o Concello.

Sen darlle á xuventude posibilidades para levar adiante a súa vida, sen apoiala e orientala nesta última crise, A Coruña sufrirá as consecuencias de non ser unha cidade para que a xente nova viva, traballe, cree e constrúa o futuro. A mocidade da Coruña precisa dun plan ambicioso que teña en conta todas as súas necesidades.


Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao goberno municipal á elaboración e posta en marcha dun "Plan de Choque pola Xuventude" no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, mobilidade, saúde, ocio, lecer, participación e acceso á cultura das mozas e mozos de A Coruña.

- 2.- Instar ao goberno municipal á posta en marcha inmediata da bolsa de aluguer para a mocidade.
- 3.- Instar ao goberno municipal á facilitar o acceso da mocidade ás axudas de inserción laboral.
- 4.- Instar ao goberno municipal á posta en marcha dun servizo de atención psicolóxica para xente nova tal e como xa están facendo outros Concellos.
- 5.- Instar ao goberno municipal a recuperar o programa de Educación en Rúa nos barrios da cidade.
- 6.- Instar ao goberno municipal a incrementar e descentralizar a oferta de actividades de ocio e de lecer para a mocidade durante todo o ano a través de programas coma Nocturnia.
- 7.- Instar ao goberno municipal á apertura inmediata das Naves de Metrosidero coma o primeiro equipamento especificamente xuvenil da cidade.
- 8.- Instar ao goberno municipal á posta en marcha dun bono cultural para xente moza.

A Coruña, 5 de xullo de 2021



María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica

